

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 591 - Profesores técnicos de formación profesional
Especialidade: 220 - Procedementos sanitarios e asistenciais
Tribunal: 1

INSTRUCCIÓNS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN PRIMEIRA PROBA PARTE A. QUENDA LIBRE E RESERVA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2021]

INSTRUCCIÓNS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN PRIMEIRA PROBA PARTE A

QUENDA LIBRE E RESERVA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

1) INSTRUCCIÓNS

- A parte A da primeira proba se realizará na sede situada no CIFP ÁNXEL CASAL o día 24 de xuño ás 10:00. Permitirase o acceso entre as 9:45 e as 10:00, dacordo ás indicacións facilitadas nas instrucións xerais.

- A cada aspirante se lle proporcionará un sobre e 2 supostos prácticos (A e B), dos cales deberá realizar un. Non se comezará a realizar a proba ata que se indique por parte do tribunal.

- O tempo de realización desta proba é de 2 horas.

- Unha vez iniciada a proba, non se permitirá a ningunha persoa opositora abandonar a aula ata pasados 20 minutos desde o momento fixado para o comezo da proba, non podendo abandonar tampouco a aula nos últimos 10 minutos.

- O finalizar a proba, o persoal aspirante deberá introducir os dous supostos (o realizado e o non realizado) nun sobre cos seus datos: nome, nº aspirante, DNI, nº tribunal e suposto realizado (A ou B). Este sobre unha vez pechado será asinado no peche polo opositor, selado e recollido por un membro do tribunal.

- Non se pode sacar da aula ningún tipo de material proporcionado polo tribunal.

- Os supostos prácticos desta parte da proba estarán relacionados cos ámbitos dispostos no Anexo VI da Orde do 24 de febreiro de 2020 (DOG 13 marzo 2020).

- Durante a realización da proba só poderá permanecer enriba da mesa bolígrafos azul ou negro, calculadora non programable e sen funda, reloxo non programable e documento de identificación que estará situado na parte superior dereita da mesa.

- Non se poden usar correctores, o que se queira eliminar colocarse entre paréntese e se raiará nunha sola liña. No caso da transcripción das respostas tipo test á ficha, marcarase un X na opción escollida. En caso de querer facer algunha corrección, marcarase un círculo arredor do X da opción escollida

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O exercicio realizarase de forma escrita e integrará supostos prácticos formados por: cuestións tipo test, preguntas curtas e cuestións relativas a imaxes.

Todas as preguntas ben contestadas puntúan 0,125. Cada pregunta tipo test mal respondida resta 0,0416. As preguntas en branco e as que non son tipo test mal respondidas puntúan 0.

As respostas transcribíranse a unha ficha que se facilitará co exercicio.

Os criterios de avaliación son:

- Demostrouse o coñecemento de fundamentos e técnicas correspondentes ós supostos plantexados.
- Acadouse a solución correcta dos supostos prácticos expresándoa nas unidades correspondentes.
- Demostrouse o coñecemento identificando material, instrumental e o uso correspondente á especialidade e a os supostos plantexados.
- Demostrouse a capacidade de seleccionar a mellor proposta de intervención entre diferentes alternativas.
- Evidenciouse o razoamento e aplicación práctica en cada caso que é obxecto de avaliación.

Os criterios de avaliación para a quenda D serán os mesmos, adoptando para a realización da proba as adaptacións de tempo e medios autorizadas en cada caso, seguindo as instrucións dadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

INSTRUCCIÓNS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN PRIMEIRA PROBA PARTE B QUENDA LIBRE E RESERVA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2021]

1) INSTRUCCIÓNS

- A parte B da primeira proba se realizará na sede situada no CIFP Anxel Casal o día 24 de xuño ás 17:00. O acceso ao centro farase entre as 16:45 e as 17:00 dacordo ás indicacións facilitadas nas instrucións xerais.
- Realizarase un único sorteo para os 5 tribunais desta especialidade.
- Sortearanse cinco temas en presenza de varios aspirantes dos tribunais que actuarán como testemuñas. Poderá realizarse a transmisión do sorteo por videoconferencia para facilitar a presenza das persoas candidatas.
- A persoa candidata desenvolverá un dos 5 temas.
- O tempo de realización desta proba é de 2 horas.
- Unha vez iniciada a proba, non se permitirá a ningunha persoa opositora abandonar a aula ata pasados 20 minutos desde o momento fixado para o comezo da proba, non podendo abandonar tampouco a aula nos últimos 10 minutos.

- Todas as caras das follas deberán ser numeradas e ordeadas correlativamente.
- Se algún aspirante precisa mais follas das facilitadas inicialmente, deberá levantar a man e algún dos membros do tribunal llas facilitará.
- O finalizar a proba , o persoal aspirante deberá introducir as follas usadas para a realización da proba nun sobre cos seus datos: nome, nº aspirante, DNI, nº tribunal e tema elixido (so se terá en conta para a corrección o tema indicado no exterior do sobre). Estes sobres unha vez pechados serán asinados no peche polo opositor, selados e recollidos por un membro do tribunal.
- Non se pode sacar da aula ningún tipo de material proporcionado polo tribunal.
- Durante a realización da proba só poderá permanecer enriba da mesa bolígrafos azul ou negro, reloxo non programable e documento de identificación que estará situado na parte superior dereita da mesa.
- Non se poden usar correctores, o que se queira eliminar colocarse entre paréntese e se raiará nunha sola liña.
- O persoal aspirante deberá escribir a dobre cara e con letra lexible.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Teranse en conta os seguintes criterios:

- Nivel científico do tema e actualización dos coñecementos.

Estrutura do tema:

índice ben estruturado.

introduccion. Contextualización do tema na especialidade. Xustificación da importancia do mesmo.

Axuste do tema á totalidade dos apartados do temario e de forma proporcionada.

Elabora unha conclusión acorde ao tema.

- Estrutura e organiza os contidos, emprega datos e terminoloxía correcta e actualizada.

Adapta os contidos do tema e desenvolve todos os apartados do título

Secuencia de forma lóxica e clara os apartados.

- Redacción coherente, clara e lexible, sen erros ortográficos.

Os criterios de avaliación para a quenda D serán os mesmos, adoptando para a realización da proba as adaptacións de tempo e medios autorizadas en cada caso, seguindo as instrucións dadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.